

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE, GALARIA EMPRESA PÚBLICA DE SERVIZOS SANITARIOS, S.A., O HOSPITAL CLINIC DE BARCELONA E O INSTITUTO DE INVESTIGACIÓNS BIOMÉDICAS AUGUST PI I SUNYER PARA A APLICACIÓN E DESENVOLVEMENTO DA TECNOLOXÍA CAR-T NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA**

**MEMORIA XUSTIFICATIVA**

O xerente do Servizo Galego de Saúde, **DECLARA:**

Que o Servizo Galego de Saúde e Galaria, empresa pública de servizos sanitarios, S.A. asinaron o día 13.10.2021 co Hospital Clinic de Barcelona e co Instituto de Investigacións Biomédicas August Pi i Sunyer, o instrumento convencional arriba referido, que entrou en vigor o día da súa sinatura e estará vixente por un período de catro anos, susceptibles de prórroga.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer os termos e condicións nos que se levará a cabo a colaboración entre as partes en relación coa tecnoloxía Car-T, de cara a aplicar esta nun futuro nos hospitais da nosa comunidade. A denominada terapia de células T con CAR pretende lograr, mediante técnicas de modificación xenética, que as células T do sistema inmune do paciente (linfocitos T) recobren a capacidade de recoñecer e destruír de forma selectiva as células tumorais. Están catalogadas entre os chamados medicamentos de terapia avanzada.

O Servizo Galego de Saúde está a levar a cabo as primeiras actuacións necesarias para a fabricación de fármacos CAR-T académicos e inmunoterapias celulares avanzadas para utilización na súa rede de hospitais, como primeiro paso para garantir o acceso equitativo, seguro e eficiente a este tipo de terapias aos pacientes da Comunidade permitindo, entre outros fins, o tratamento dos pacientes sin desprazamento a centros fora da comunidade autónoma (ou do Estado); mellorar a supervivencia e a calidade de vida dos pacientes; reducir os custos do tratamento con medicamentos CAR-T; o acceso dos nosos pacientes a novas solucións terapéuticas non cubertas polo mercado, no marco de ensaios clínicos baseados nos resultados de investigación traslacional de desenvolvemento propio e/ou alleo; así como reforzar o liderado técnico-científico da nosa comunidade.

Galaria, pola súa banda, esta a traballar no inicio das actuacións necesarias para o desenvolvemento do proxecto de implantación dun Centro de fabricación de medicamentos Car-T e outros medicamentos de inmunoterapia celular avanzada.

Para o inicio da produción de fármacos académicos, tanto o Servizo Galego de Saúde como Galaria están interesados en colaborar co Hospital Clínic e IDIBAPS, dado que ambos desenvolveron diversos programas clínicos e de investigación relacionados coa terapia e tecnoloxía CAR-T.

Así, a través de este convenio, o Servizo Galego de Saúde, Galaria e o Hospital Clínic e IDIBAPS queren colaborar nas actividades de interese mutuo relacionadas co obxectivo da posta en marcha dun centro de inmunoterapia celular avanzada na nosa comunidade autónoma, para o desenvolvemento dun ensaio clínico de produto, e para establecer sinerxías que permitan un maior desenvolvemento dos CARTs propios e aumentar as indicacións clínicas ás que poida ser aplicable. Todo iso co obxecto último da obtención dunha terapia celular alcanzable para todos aqueles enfermos que a precisen.

Que á vista do anterior e dos obxectivos perseguidos polas partes, existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxectivo referido.

Así pois, os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de abril de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustifico o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

